



Un aumento de casos de gastroenterite por riba do nivel basal do centro constitúe un abrocho.

Este abrocho pode ser unha intoxicación alimentaria o por un mecanismo de transmisión persoa-persoa a través do contacto estreito.

Os abrochos deben declararse á xefatura territorial de sanidade da Coruña (981-155835/155969) ou ao correo epidemioloxia.dlc@sergas.es onde lles asesorarán sobre o procedemento a seguir.

Na nosa experiencia, nos últimos anos a meirande parte dos abrochos nas residencias son do tipo persoa-persoa e están producidos polo norovirus.

O norovirus é o axente que co máis frecuencia produce gastroenterite no noso medio.

O norovirus e as gastroenterites víricas en xeral, teñen un mecanismo de transmisión fecal-oral.

O norovirus é moi contaxioso e resiste ben ao medio ambiente.

O norovirus caracterízase por presentar vómitos e diarrea sen febre. Unha das súas características é que hai unha alta porcentaxe de vómitos entre os pacientes. Ten un periodo de incubación de 6-72 horas. As mostras de feces líquidas aumentan a probabilidade de detección do virus.

Os abrochos por norovirus son máis frecuentes nos meses de inverno. Cando se detecta a través da vixilancia o comezo da tempada de norovirus (outubro/novembro), remítese un escrito dende a dirección xeral de saúde pública ás residencias sociosanitarias informando do inicio da tempada e das medidas de control.

Medidas de control:

É importante que durante o abrocho se empregue lixivia para o lavado das superficies (solución de hipoclorito sódico ao 0,1% (1000 ppm)). No anexo 4 do protocolo de norovirus, ven unha guía sobre como facer a limpeza de vómitos ou feces.

Recoméndase que os traballadores que atendan aos casos leven luvas e batas desbotables.

Non se recomenda que os residentes con gastroenterite reciban visitas ata 24 horas despois de que rematen os síntomas



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loriga, 3
15003 A CORUÑA
Teléfono: 981155800 - Fax: 981155801
www.sergas.es

galicia

Aos traballadores que teñen gastroenterite debe recomendárselle a exclusión do posto de traballo de atención directa aos residentes ata 24 horas despois de rematar os síntomas. Se traballa na cociña, ata 72 horas despois de que rematen os síntomas

Por parte de epidemioloxía da xefatura territorial de sanidade, solicitaremos ao centro o listado de residentes, os que tiveron síntomas, a data de comenzo, a pranta na que está aloxado e nº de habitación. Enviaremos unha excell cos datos solicitados.

Avaliaremos se o abrocho é compatible cunha intoxicación alimentaria ou persoa-persoa. Tamén coordinaremos co servizo médico da residencia a recollida de mostras de feces ou vómitos para identificar o axente. É importante reseñar que as mostras para identificación de virus deben recollerse en botes de recollida de ouriños (sen medio de cultivo). Cando se sospeita infección bacteriana sí que deben empregarse botes con medio de cultivo.

Un abrocho de norovirus o gastroenterite vírica producido por un mecanismo de transmisión persoa-persoa, remata cando non ocorren casos novos nos 6 días seguintes ao último caso.

Sección de epidemioloxía
Xefatura territorial de sanidade de Coruña